

FICHA DE COMPILADOR



Nome: Juan José Parga Cervelo

Data de nacemento: 1972

Lugar de nacemento: Lugo

Biografía:

Juan José Parga Cervelo comezou a súa formación musical na Escola de Gaitas da Deputación Provincial de Lugo, e compaxinou os seus estudos no Conservatorio coa aprendizaxe na Banda Municipal (percusión) e a participación na Banda Xuvenil. É diplomado como Mestre en Educación Musical pola USC e titulado de Grao Medio de gaita polo Conservatorio Municipal de Ribeira. Exerce como mestre de Primaria por oposición desde 2004.

Tocou en formacións como Brath, Pandeiramus, a Banda de Palas de Rei, Cántigas e Frores, María Castaña, a charanga de «Vai de baile», Alann-bique e outros. Con algúns destes grupos gravaría disco. En Cántigas e Frores tamén actuou como bailarín; como membro desta formación participou na interpretación das escenas de baile tradicional pertencentes á zarzuela «Non chores, Sabeliña».

Dende cativo amosou interese polo folclore galego nas súas diferentes manifestacións, o que o levou á súa formación multidisciplinar e a despois buscar na pedagogía o mellor xeito de compartir os seus coñecementos. Realiza recollidas de folclore, que nutren o repertorio dos grupos nos que tocou e o material dos cursos que ofrece. Comezou o seu labor docente en 1989; desde aquela imparte cursos sobre música, xogos, baile e construción de pequenos instrumentos en numerosos centros; entre eles destacan os cursos para a formación do profesorado organizados por CIG-ensino, CEFORED, USC ou Nova Escola Galega. É membro da xunta directiva da Asociación Educativa Musicrearte e co-autor do libro *Así fan os bailadores...* (Dos Acordes, 2009).



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades